



Manuel Martínez, coordinador da Comisión do Coello de Monte de FEDENCA, presentou en Madrid o “Plan de Recuperación das poboacións de coello de monte”

No marco incomparable da “Casa Encendida” propiedade da Obra Social de Caixa Madrid, no corazón da capital de España, Manuel Martínez presidente da Sociedade de Caza de Portas e secretario da Federación Galega de Caza, presentou ante un centear de invitados o acto do mencionado plan.

O acto estivo encuadrado dentro da Xornada que á Fundación CBD-Hábitat organizaba en Madrid para presentar o seu manual sobre “Actuacións para o fomento do coello de monte” en colaboración coa RFEC e contando coa financiación de Caixa Madrid se fixo posible.

Presidindo o acto atopábase D^o Andrés Gutierrez Lara, presidente da RFEC, que acudiu acompañado por D^o Santiago Ballesteros, secretario Xeral da RFEC, D^o Javier Oria, presidente da Fundación Habitat, e D^o José Antonio Mijares do departamento de Medio Ambiente da obra social de Caixa Madrid.

No turno de ponencias ademais de Manuel Martínez interviron Francisco Guil Celada Técnico de Tragsega e D^o Francisco Uceda pola federación madrileña. Entre o público asistente encontrábanse presidentes das Sociedades de Caza, técnicos medioambientais e gardas de caza, todos eles mostraron a súa satisfacción polo contido dos temas alí expostos.

A xornada finalizou coa degustación dun viño español na terraza do mencionado edificio, onde entre conversación e presentación podíase ver moito máis preto o dito aquel que di “ De Madrid ao ceo”, xa falta menos.



Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com